



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/03/2016 12:25:23

ENTRADA 6781 / RX 682656



Sr. Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do
Territorio
Xunta de Galicia

ASUNTO: Autorización Ambiental Integrada do proxecto de "Implantación de una planta de produción de combustible industrial mediante gasificación de carbón utilizando como enerxía a producida por radiación solar", promovido por PARATERMO ENERGÍA, S.L.

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que Paratermo Energía SL é unha empresa constituída diante de notario en Ferrol o 11-12-2012:
 - a. Cun **capital social de 3.000 euros**, a metade deles aportados por Daniel González González en representación de Guradoor, S.L.
 - b. Cun extraordinariamente diverso e disperso obxecto social: múltiples tipos de estudos, proxectos e asesoramentos; máquinas de oficina e ordenadores; programas informáticos; prospeccións petrolíferas; produción e transporte de enerxía; comercialización de materiais de construción, maquinaria industrial e agrícola; material eléctrico; instalacións eléctricas, telegráficas, de telefonía e televisión; fontanería e calefacción; pararraios; xestión e promoción inmobiliaria; minería; transporte de mercadorías e viaxeiros; e, finalmente, **produción, transporte e comercialización de produtos químicos orgánicos**.
2. Que o obxecto do proxecto de Paratermo Energía SL é a construción, nun terreo rústico de 188 ha nas parroquias de Fornelos de Filloás e Fradelos (Viana do Bolo, Ourense), dunha instalación industrial adicada á produción de metanol (75.000 Tm/ano) e hidróxeno (375 Tm/ano), consumindo como materias primas 75.000 Tm/ano de carbón (aínda que logo fala "de case 100.000 Tm/ano") e 37.500 m³/ano de auga, ademais de 4.500 Mwh/ano de enerxía (que produciría *in situ* con 3 paraboloides solares de 83 m de diámetro cada un) e que xeraría 18.750 Tm/ano de cinzas.
3. Que, segundo informacións publicadas repetidamente na prensa, na provincia de Ourense hai dispoñibles máis de 250.000 m² de solo industrial, polo que non é comprensible nin aceptable que se plantexe a construción dunha instalación industrial en solo rústico.
4. Que o **orçamento** do proxecto acadaría os 54 millóns de euros que, supostamente, se cubrirían con 35 millóns en créditos, 2,8 millóns en subvencións de Incentivos Económicos Rexionais e **16,2 millóns de capital social (páx. 288 do documento) que, compre recordar, é só de 3.000 euros (páx. 201 do documento) unha cifra 5.000 veces inferior á contemplada no orzamento.**
5. Que Daniel González González, en nome propio ou das empresas Guradoor SL e Lisply SA das que é apoderado ou propietario, xa estivo involucrado en tres mega-proxectos semellantes (todos fallidos) para a produción de metanol e hidróxeno empregando enerxía solar e ocupando sempre grandes extensións de terreos rústicos:
 - a. En Granadilla de Abona (Tenerife), en 2009, onde logo de paralizarse o proxecto ao carecer dos preceptivos permisos reclamou ás administracións por vía xudicial (e perdeu) unha indemnización diaria de 50 millóns diarios por lucro cesante.



- b. En Tabernas (Almería), en 2012, onde logo de paralizarse o proxecto ao carecer dos preceptivos permisos reclamou ás administracións por vía xudicial (e perdeu) unha indemnización diaria de 620 millóns por lucro cesante.
 - c. Na comarca de Bergantiños, en 2015, a traverso da empresas Termo-Biológicas S.L. subsidiaria de Lysply SA, proxecto que nunca chegou a iniciarse.
6. Que, como no caso de Tabernas (Almería) logo paralizado por instancias superiores, os impulsores do presente proxecto obtiveron un informe favorable do arquitecto asesor do Concello de Viana do Bolo (páx. 188-189 do documento) en base a unha interpretación moi *sui generis* da Lei 2/2010 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA):

"As obras para as que se solicita licenca poden incluírse dentro dos usos constructivos en solo rústico, artigo 33.2.k da LOUGA:

k) Construcións destinadas ás actividades extractivas, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos e terras, así como aos seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural".

Obviamente, o proxecto non se refire a unhas "construcións destinadas ás ... explotacións mineiras", polo que cabe deducir que o informe do arquitecto municipal, nunha interpretación moi cuestionable, as considera incluídas ou incluíbles entre as destinadas "aos seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario". Pero, ao respecto é imprescindible facer constar que:

- a. O promotor non emprega nin unha soa vez a expresión "establecemento de beneficio" en todo o documento.
- b. Para todos os supostos contemplados polo artigo 33.2.k da LOUGA invocado polo arquitecto do concello, incluídos polo tanto os establecementos de beneficio, o proxecto debería contar cos permisos preceptivos da administración autonómica e/ou estatal con competencias en minería, segundo establecen:
 - O artigo 112.1 da Lei 22/1973 de minas: "Para instalar un establecemento destinado a la preparación, concentración o beneficio de recursos, deberá obtenerse previamente autorización de la Dirección General de Minas, mediante instancia presentada en la Delegación Provincial del Ministerio de Industria, a la que se acompañarán el proyecto de instalación y el estudio básico que haya servido para su elaboración".
 - A Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia: "A presente lei é de aplicación ás seguintes actividades: ... c) Á preparación para a entrega aos mercados dos minerais e recursos extraídos" (Artigo 2.1) "Son infraccións moi graves: a) A exploración, investigación e explotación de recursos mineiros ou a apertura de establecementos de beneficio sen a obtención da correspondente autorización, permiso ou concesión" (Artigo 59.a).

Polo tanto, a posible concesión dunha licenza municipal para o proxecto en base ao informe do arquitecto asesor do concello sen os permisos preceptivos da administración autonómica e/ou estatal con competencias en minería sería un fraude de lei e nula de pleno dereito.

7. Que a instalación industrial tería un moi forte impacto paisaxístico, incompatible co espírito e a letra da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, pois:
- a. Preténdese construír nun terreo que se recoñece explícitamente como de "paisaxe abrupta" (páx. 111 do documento) e no que a explanación de 3 ha de terreo á cota 900 m snm conlevaría un terraplenado de ata 24 m de altura na zona de maior desnivel, de integración moi difícil ou imposible na paisaxe da zona.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- b. Suporía o desbroce permanente nunha franxa perimetral de 100 m de largura ata deixala "libre de vexetación", de integración moi difícil ou imposible na paisaxe da zona.
 - c. Contempla a instalación de 3 paraboloides para captación de enerxía solar cun diámetro de 83 m, é dicir, cunha superfie unitaria só lixeiramente inferior á dun campo de fútbol, totalmente imposibles de integrar na paisaxe da zona.
 - d. Precisaría a construción dun depósito de auga de 4.900 m³ cunhas dimensións de 35 x 35 x 4 m.
 - e. Precisaría a construción dunha nave coas dimensións dun campo de fútbol (65 x 100 m) e 10 m de altura para almacenamento e tratamento de carbón, totalmente imposible de integrar na paisaxe da zona.
8. Que supostamente a entrada de materia prima e a saída de produtos terminados e residuos faríase pola estrada de Vilariño de Conso a Fornelos de Filloás que se ampliaría (páx. 180 do documento no que non se avalía o impacto ambiental nin o custe económico de dita ampliación), e dúas páxinas despois se asegura que o carbón chegaría por estrada dente a estación de FFCC de Vilariño de Conso. Ao respecto compre salientar que:
- a. Os promotores do proxecto semellan ter unha enorme confusión de ideas ou un profundo e alarmante descoñecemento da realidade do seu ámbito de actuación pois a estación de FFCC denominada de Vilariño de Conso:
 - NON se atopa na localidade dese nome e capitalidade municipal (opción 1) senon na pequena aldea de A Venda da Capela (opción 2) situada uns 17 km ao sur.
 - NON ten servicios dende xuño de 2013 e NON consta que os promotores teñan solicitada a súa reapertura e nin tan siquera consultado co operador ferroviario as posibles condicións para a súa nova posta en servicio.
 - b. A contradición é total pois ambas localidades están en direccións diametralmente opostas con respecto á pretendida ubicación da planta industrial: o núcleo de Vilariño de Conso (opción 1) está 7 km ao norte da zona do proxecto e a estación de FFCC de Vilariño de Conso (opción 2) está 10 km ao sur. No primeiro caso o transporte pesado de carbón e de produtos tóxicos, altamente inflamables e explosivos (metanol e hidróxeno) debería atravesar núcleos habitados, incluídas as capitalidades dos concellos de Vilariño de Conso, Viana do Bolo e A Gudiña. No segundo caso non atravesaría núcleos habitados sempre que logo se enviase a produción por ferrocarril dende alí. En ambos os dous casos, suporía o tránsito continuo de camións de gran tonelaxe cargados cun produto moi tóxico e altamente inflamable (metanol) por pequenas estradas locais que pasan a carón de múltiples cursos ou masas de auga.
 - c. Respecto ao subministro de carbón a afirmación de que "la cuenca minera de Asturias y León" está "próxima a la implantación de la planta" (páx. 16 e 305) só é certa considerando unha imposible liña recta (uns 90 km), pero sería duns 250 km (vía Ponferrada-Monforte-Ourense) ou máis de 500 km (vía Ponferrada-Medina del Campo-Puebla de Sanabria) pola vía férreas existentes.
 - d. No caso da opción 2, o transporte en camións entre a estación de FFCC de Vilariño de Conso e a planta industrial tería que realizarse por unha pequena estrada local, estreita e con varias curvas moi pechadas que precisaría ser ampliada, sen que o impacto ambiental nin o custe económico de dita ampliación se contemple no proxecto. Segundo o indicado polos promotores (véxase punto 2), a cantidade de materias primas (carbón), produtos elaborados (metanol e hidróxeno) e residuos producidos (cinzas) a transportar dende e ata a planta industrial acadaría as 169.125 Tm/ano, equivalentes a 5.638 camións articulados de 30 Tm de carga autorizada. Semellante tránsito de transportes pesados por unha pequena estrada non preparada para soportalo conlevaría danos continuos no pavimento, como xa sucedeu cos camións que traballan para a obra do AVE o que deu



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

lugar a múltiples queixas dos veciños afectados.

9. Que o ámbito do proxecto sitúase a menos de 6 km do Parque Natural do Invernadoiro, a menos de 2 km da ZEC Macizo Central Ourenán, e nun tramo do río Camba incluído na "Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia" (ano 2011. Anexo-I Cartografía dos LIC ampliados" pág. 77) e vén así expresamente sinalado na web da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (http://www.cmati.xunta.gal/seccion-organizacion/c/DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/seccion.html)
10. Que o proxecto afectaría directamente a un hábitat de interese comunitario (4030: Queirogais secos europeos) e a un hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea (91E0*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsor*) sen que existan razóns de interese público de primeiro orden que o xustifiquen.
11. Que o proxecto afectaría negativamente a un total de doce especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas:
 - a. Unha especie de planta en perigo de extinción (*Eryngium duriaei*) e outra vulnerable (*Silene marizii*).
 - b. Unha especie de invertebrado acuático en perigo de extinción a nivel galego e español (*Margaritifera margaritifera*).
 - c. Nove especies de vertebrados ameazadas: un anfíbio vulnerable (*Rana iberica*), dúas aves en perigo de extinción (*Aquila chrysaetos*, *Milvus milvus*) e tres vulnerables (*Bubo bubo*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*), así como tres mamíferos catalogados como vulnerables (*Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*).
12. Que das especies en perigo sinaladas no punto anterior, o impacto do proxecto sería crítico no caso da águia real (*Aquila chrysaetos*), ao afectar ao territorio dunha das escasas parellas reprodutoras en Galicia, e moi especialmente no caso de *Margaritifera margaritifera* pois, segundo os traballos do Grupo de Investigación de "Conservación de peces e moluscos" da Universidade de Santiago de Compostela (Ondina et al. 2010; Lois et al., 2014) a poboación do río Camba:
 - a. É unha das poucas que perviven actualmente na provincia de Ourense e a cuarta máis importante de Galicia en canto ao número de individuos: no treito de río de 10 km entre os dous encoros estimase que existen preto de 16.000 exemplares, máis do 8,5 % dos efectivos galegos da especie.
 - b. Nalgúns tramos deste río alcanza as maiores densidades observadas nos ríos galegos, próxima aos 50 individuos/m², chegando a superar puntualmente os 300 individuos/m², densidade moi destacable non só na Península Ibérica senón tamén a nivel europeo.
 - c. É unha das poucas poboacións da Península Ibérica nas que se observou reclutamiento, aínda que non o suficiente para mantela viable no futuro.
 - d. Está catalogada como "en risco de extinción" no Plan de Recuperación da especie (Ondina et al., 2010), no que se indica que ten que ser especialmente protexida.
13. Que a afección á importante poboación de *Margaritifera margaritifera* agravaríase polo feito de:
 - a. Estar presente a especie na zona prevista para a captación de augas (37.500 m³/ano). Dita zona, ademais, está suxeita xa a unha abusiva explotación do recurso auga polo encoro de As Portas que, agás necesidade de aliviar pola comporta nas máximas crecidas, deriva a meirande parte do caudal de toda a cabeceira do río Camba á súa central hidroeléctrica soterrada que desauga no río Conso.
 - b. Que o proxecto contempla o almacenamento de ata 1.650 m³ de metanol (produto tóxico) en 3 depósitos de 550 m³ e de ata 10 Tm de hidróxeno a 800 m do cauce do río Camba e non se avalían as posibles consecuencias ambientais dun derrame, incendio e/ou explosión.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

5 / 5

14. Que o control de vertidos ás augas mediante análise de DBO, sólidos en suspensión, osíxeno disolto, nitratos, aceites e graxas e hidrocarburos cunha periodicidade anual sería absolutamente insuficiente.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que se desbote total e definitivamente o proxecto de Paratermo Energía SL na zona prevista.

En Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2016

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

Bibliografía citada:

- Ondina P., R. Romeu, S. Lois, A. Outeiro, R. Amaro and E. San Miguel. 2010. Plan de Recuperación de *M. margaritifera* (L.). Xunta de Galicia.
- Lois S., P. Ondina, A. Outeiro, R. Amaro and E. San Miguel. 2014. The north-west of the Iberian Peninsula is crucial for conservation of *Margaritifera margaritifera* (L.) in Europe. *Aquatic Conservation: Marine and Freshwater Ecosystems* 24: 35-47.